

## A guerra dos botóns

Escrito por Carlos Méixome

Mércores, 14 Novembro 2007 10:31

---



Nos seus últimos anos de vida, meu tío-avó Nilo gustaba de lembrar andanzas xuvenís. Recordaba as batallas a cantazos cos encarnizados inimigos da aldea veciña, os odiados rapaces e rapazas de Cancelas, que así se chamaba, e chama, o lugar. Narrábaas cun entusiasmo pouco disimulado. Lembraba como mexaban por riba das fillas da señorita cando pasaban polo fondo da congostra e como untaban cos excrementos que entre todos producían a caravilla da cancela que daba acceso á casa do cura.

A imaxe feliz do meu tío-avó relatando as súas porcallentas fazañas tróuxome ao maxín unha película que causou furor na miña ben afastada adolescencia.

Era “A guerra dos botóns”, un filme francés que a marabillosa enciclopedia que a penas ocupa espazo chamada internet me permitiu recuperar. Cóntolles o argumento. Todos os anos os eternos rivais de Longeverne e Velrans retábanse nunha guerra de pedras e espadas de madeira. As tropas rivais estaban comandadas por Lebrac e por Aztec respectivamente. Os primeiros colleron prisioneiro a un inimigo e o xefe tivo a idea de arrincarlle os botóns da camisa e dos pantalóns. A grave humillación foi respondida polos contrarios e para evitar mofa e vergonza os dous exércitos remataron por pelexar nus.

O filme dirixido por Yves Robert en 1961 xuntaba todo o que os adolescentes daquela época desexabamos: unha cabana de madeira, unha dama a quen deslumbrar coa nosa ousadía e unha boa batalla con espadas de madeira e tiracroios.

Tivemos daquela varias batallas memorables entre os da Estación e os da Ponte. Na última un brutiño levou un barrote de ferro a xeito de lanza dos que se empregaban para pechar os muros das casas e dificultar a entrada dos posibles ladróns e espichoulla a un inimigo nunha coxa provocándolle unha ferida de consideración. Foi aquela derradeira batalla o inicio dunha duradeira amizade entre moitos dos afoutos soldados dos dous exércitos tal e como pasaba no filme de referencia que remataba cun abrazo entre os dous líderes castigados nun reformatorio.

Sempre pensei que a historia estaba orixinariamente ambientada na Francia que emerxía da miseria posbélica pero agora souben, grazas a internet, que o filme está baseado nunha novela de Louis Pergaud publicada nada menos que en 1912.

## A guerra dos botóns

Escrito por Carlos Méixome  
Mércores, 14 Novembro 2007 10:31

---

O que non tiñamos na altura era móbiles con vídeo, nin sen el, nin youtube no que colgalos, nin medios de comunicación ávidos de morbo para encher páxinas ou minutos e xa que logo que as nosas fazañas se coñecesen en Boiro, Nigrán ou Tomiño. Xa sei que estes comportamentos compre corrixilos pero non coa hipocrisía de “é que esta xuventude de agora”. Máis ou menos como a de sempre, só que con móbil e play.